



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 13 DE MARZO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Aurelio Romero Serrano como director xeral do Gabinete de Presidencia
- Decreto lexislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da Vía Alta Capacidade Tui (incluído enlace autovía a Portugal)-A Guarda, treito III: Goián-A Guarda

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se autoriza a implantación dos estudos universitarios oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008

**CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Técnica de Etnografía



## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer

## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención no momento da concesión na Orde pola que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2008
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector de Santiago, para o desenvolvemento do programa de apoio a menores vítimas de malos tratos no ámbito familiar
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuación no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (Eixo 2, código 71 do PO do Fondo Social Europeo 2007/2013) e se aproba a concesión dun anticipo do 30% como primeiro pagamento

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo de validación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Galicia Emigración, asinado o 27 de decembro de 2007, e con vixencia dentro dos anos 2007, 2008 e 2009, que ten por obxecto apoiar os inmigrantes galegos e descendentes residentes no exterior, así como favorecer a integración na nosa comunidade autónoma dos emigrantes retornados e inmigrantes, sendo o importe total proposto unha contía anual de 30.000 euros

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Fundación CEAGA para a posta en marcha do Plan Estratéxico do Sector de Automoción en Galicia (PESA)



## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago, da Coruña e de Vigo para o apoio á creación e consolidación de oficinas de software libre universitarias

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do Proxecto de Acondicionamento da estrada LU- 703 Barbeitos (LU- 701)- límite provincial de Asturias, sobre a do monte veciñal en man común Vilarchao (no concello da Fonsagrada), pertencente á comunidade veciñal do mesmo nome, na provincia de Lugo, promovido pola Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do Proxecto de Acondicionamento da estrada LU- 703 Barbeitos (LU- 701)- límite provincial de Asturias, sobre a do monte veciñal en man común Monteseiro (no concello da Fonsagrada), pertencente á comunidade veciñal do mesmo nome, na provincia de Lugo, promovido pola Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 4.285 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Sanxenxo (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde en Vilalonga

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Covelo para a instalación dun punto limpo, por importe de 225.176,05 euros



## O CONSELLO APROBA UN DECRETO LEXISLATIVO POLO QUE SE REFUNDE A NORMATIVA EN MATERIA DE FUNCIÓN PÚBLICA NUN SÓ TEXTO

- *En cumprimento da Lei 13/2007, de modificación da Lei 4/1988, da función pública de Galicia*
- *A norma aposta polo contido social e busca unha administración máis profesionaliza e moderna*
- *A lei pretende reducir os postos de libre designación para o que se limitará aos postos de subdirector xeral, secretarías de altos cargos e aqueles de carácter directivo ou de especial responsabilidade*
- *Promove a racionalización do emprego público, a redución da temporalidade e o incremento da estabilidade*
- *Adopta solucións para conciliar a vida persoal, familiar e laboral*
- *Introdúcense criterios para a avaliación da actividade dos empregados públicos e para a normalización da lingua galega*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia. Coa aprobación deste texto cúmprese co mandato legal contido na disposición derradeira primeira da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que establece que o Goberno, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta norma –o pasado 16 de setembro de 2007-, aprobará un decreto legislativo no que se procederá a refundir a normativa vixente en materia de función pública, para o que se formulará un texto único que recolla as sucesivas modificacións habidas desde a publicación da Lei 4/1988. Así, esta disposición habilita para recoller nun único texto todas as disposicións legais vixentes neste momento nesta materia, sen facer ningunha outra adaptación no resto do texto máis que a meramente lingüística.

A norma pola que se modifica a Lei 4/1988, da función pública de Galicia, aposta polo contido social e busca unha Administración máis profesionalizada e moderna. Neste sentido, no que se refire ás medidas para incrementar a transparencia na xestión dos recursos humanos, define o persoal eventual, delimita as súas funcións e establece un rexistro onde figure a súa titulación académica e retribucións; establece con carácter obrigatorio os rexistros de persoal das entidades locais como instrumento para a súa organización, xestión e planificación; e confire rango legal á participación da Comisión de Persoal no proceso de elaboración da oferta de emprego público e garante a participación dos sindicatos na elaboración das relacións de postos de traballo.

Para incrementar a profesionalización da función pública, a lei pretende reducir os postos de libre designación, para o que establece que só se poderán cubrir por esta vía os postos de subdirectora ou subdirector xeral, as secretarías de altos cargos e



aqueles de carácter directivo ou de especial responsabilidade. Así mesmo, apóstase pola cobertura dos postos de xefaturas de servizo e similares por concurso en lugar de recorrer á libre designación (que era o sistema vixente ata que entrou en vigor a reforma). Ademais, garante a periodicidade anual dos concursos para a promoción profesional do persoal e reforza a promoción interna, instrumento básico na motivación e capacitación dos empregados.

No que se refire á racionalización do emprego público, créase a figura do persoal interino por acumulación de tarefas –e límitase o seu nomeamento a un máximo do 20% en relación ao total do centro directivo- e establécese que son as funcións do posto as que determinan a modalidade de relación contractual e non á inversa.

A redución da temporalidade e o incremento da estabilidade no emprego son dous obxectivos compartidos polas organizacións sindicais e abordados tamén na modificación da Lei de Función Pública de Galicia, a través de solucións que concilian o lexítimo interese de estabilidade coa observancia dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público. Así, regula os efectos que terá declarar como indefinida unha relación laboral temporal (como é o caso das asistencias técnicas) e establece un proceso extraordinario que terá lugar por unha soa vez para a substitución de emprego interino por persoal fixo.

No eido das medidas sociais, esta reforma lexislativa ten entre os seus obxectivos a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Así, non só incorpora senón que mellora os permisos previstos polo Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) nesta epígrafe, ampliando o permiso de paternidade e o de adopción internacional e a redución de xornada para atender un familiar por enfermidade moi grave. Tamén introduce medidas para a protección das vítimas de violencia de xénero e para a promoción do acceso ao emprego público das persoas con discapacidade.

Por último, a través desta modificación introdúcense criterios para a avaliación da actividade dos empregados públicos e para a normalización da lingua galega, dispoñendo que nas convocatorias de procesos selectivos se estableza que unha ou máis probas terán que realizarse exclusivamente en lingua galega, sen prexuízo doutras probas adicionais que se poidan prever para aqueles postos que requiran un coñecemento especial desta lingua.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 64,4 MILLÓNS DE EUROS NO TREITO GOIÁN-A GUARDA DA VÍA DE ALTA CAPACIDADE TUI-A GUARDA**

- *O Consello da Xunta autoriza as expropiacións dos terreos necesarios para construír este novo tramo de 10 quilómetros de lonxitude no que se mellora a conexión coa ponte internacional de Goián*
- *A declaración de utilidade pública deste treito engádese á xa aprobada o mes pasado para o primeiro treito, entre Tui e Tomiño, no que se investirán 30,5 millóns*
- *A declaración de utilidade pública destes dous treitos permitirá que as obras desta infraestrutura comecen este mesmo ano*
- *O resto da infraestrutura tamén se someterá a información pública e se aprobará a súa declaración de utilidade ao longo deste ano*
- *O corredor, que estará preparado para o seu desdoblamento en autovía, inclúe a variante da Guarda e supón un investimento total estimado duns 120 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción da Vía de Alta Capacidade Tui-A Guarda no seu terceiro treito, entre Goián e A Guarda, ao longo de 10 quilómetros de lonxitude. Este decreto súmase ao xa aprobado o mes pasado para iniciar as expropiacións no primeiro treito, entre Tui e Tomiño. Deste xeito, xa están en marcha os procesos expropiadores de dous treitos (o primeiro e o terceiro) desta nova infraestrutura, que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes mellorou con respecto ao previsto polo anterior Goberno para facilitar a súa conversión futura en autovía, minorar o impacto ambiental e social do seu segundo treito entre Tomiño e Goián e incluír a variante da Guarda. Toda a nova vía entre Tui e a Guarda, incluída a variante, suporá un investimento duns 120 millóns de euros.

O custo estimado do treito autorizado hoxe entre Goián e A Guarda é de 64,4 millóns de euros, dos cales 4,6 millóns van destinados ao pagamento das expropiacións dos 1.326 predios necesarios para realizar a obra nos termos municipais de Tomiño, O Rosal e A Guarda. Este treito III, entre Goián e A Guarda, ten unha lonxitude total de 10,013 quilómetros e contará con dous carrís, un en cada sentido, de 3,5 metros de largo e dúas beiravías de 2,5 metros. No seu percorrido contará con 7 pasos superiores e 4 pasos inferiores, así como cun viaduto sobre o río Tamuxe e cun falso túnel no Rosal. Ademais, o proxecto elaborado pola CPTOPT mellora a conexión entre a vía de alta capacidade e a ponte internacional de Goián que cruza o río Miño ata Vila Nova de Cerveira.



O proceso expropiador para a construción da Vía de Alta Capacidade desenvólvese agora logo de que a CPTOPT aprobase, a finais do pasado ano, os proxectos de trazado dos treitos I (Tui-Tomiño) e III (Goián-A Guarda) tras seren reformulados para que tivesen características de corredor, o que permitirá converter esta vía en autovía no momento en que a intensidade do tráfico que rexistre así o exixa. Deste xeito, no novo proxecto quedarán deseñados como definitivos os enlaces, as estruturas de paso superior e algunhas de paso inferior, os desmontes e algúns terrapléns e falsos túneles que se manterán cando se acometa o desdoblamento.

A declaración de utilidade pública destes dous treitos (I Tui-Tomiño e III Goián-A Guarda) permitirá que as obras comecen neles este mesmo ano. Ademais, tamén este ano se someterán a información pública e se aprobará a declaración de utilidade dos novos treitos II (Tomiño-Goián, cuxa modificación de trazado se está a estudar para ter en conta os asentamentos urbanos existentes e as súas conexións, a topografía e os respecto ambiental) e IV (variante da Guarda, non prevista no anterior proxecto).

A futura Vía de Alta Capacidade de nova construción Tui-A Guarda mellorará a mobilidade e seguridade viaria do Baixo Miño, facilitando as conexións dos concellos da Guarda, O Rosal e Tomiño con Tui e, desde alí, a través da A-55, con Vigo e o resto da rede viaria galega. Este corredor suporá un importante avance nos tempos de conexión e na seguridade viaria fronte á vella estrada PO-552, que ten que atravesar numerosas travesías urbanas.



## **AS UNIVERSIDADES GALEGAS IMPARTIRÁN O PRÓXIMO CURSO 34 NOVOS TÍTULOS ENMARCADOS NOS PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO**

- *O Consello da Xunta autorizou a implantación destes títulos, adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, que se engaden aos 71 que xa se están impartindo no Sistema Universitario de Galicia*
- *Dos novos programas oficiais de posgrao autorizados, 28 son másters e 6 doutoramentos*

O Consello da Xunta autorizou a implantación de 34 novos títulos enmarcados nos programas oficiais de posgrao (POP) para o curso 2008-2009, dos cales 28 son másters e 6 son doutoramentos. Estes novos títulos súmanse aos 71 que xa se están impartindo nas universidades galegas, polo que en total o Sistema Universitario de Galicia (SUG) ofertará o próximo curso 105 títulos de posgrao adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Os novos posgraos autorizados enmárcanse nas áreas de banca e finanzas; xestión do desenvolvemento sustentable; comercio internacional; dirección e planificación do turismo; políticas comunitarias e cooperación territorial; socioloxía aplicada; creación, dirección e innovación na empresa; dirección de empresa familiar; edición; política lingüística e planificación da lingua galega; teoría da literatura e literatura comparada; intervención multidisciplinar na diversidade de contextos educativos; psicoxerontoloxía; e lóxica e filosofía da ciencia.

Tamén se desenvolverán programas oficiais en dirección integrada de proxectos; dirección de proxectos; tecnoloxía e procesos na industria do automóbil; comunicacións multimedia; consultoría de software libre; enxeñaría da construción; enxeñeiro de soldadura; urbanismo; acuicultura; optometría avanzada; química teórica e modelización computacional; ciencia e tecnoloxía química; atención sanitaria, xestión e coidados; e ciencia e tecnoloxía agroalimentaria.

A construción do Espazo Europeo de Educación Superior, organizado polos principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade, oríentase á consecución, entre outros obxectivos, dun sistema baseado fundamentalmente en dous niveis principais de ensino: grao e posgrao. Neste proceso de converxencia destaca a relevancia dos estudos europeos de posgrao, como un dos principais elementos para reforzar a educación superior europea no contexto internacional e a acreditación dos estudos para asegurar un nivel de calidade adecuado.

A oferta de ensinanza oficial de posgrao ten que deseñarse co obxecto de atender fundamentalmente á demanda dos actuais titulados universitarios que desexen recibir unha especialización adicional ou formación investigadora e a de profesionais





titulados universitarios que decidan actualizar os seus coñecementos e destrezas ou modificar o seu perfil. Ao mesmo tempo, ten que responder ás necesidades de Galicia cunha oferta coordinada, integrada e complementaria no SUG.

Os programas de posgrao que se van a implantar están pensados nunha oferta versátil que se adapta ao perfil do alumno actual e futuro que responde ás necesidades socioeconómicas galegas, ás expectativas de formación dos alumnos e ás necesidades estruturais de funcionamento das universidades.

### **Títulos enmarcados nos POP autorizados polo Consello Galego de Universidades para a súa posta en funcionamento no curso 2008/09**

<b>POP</b>	<b>Título</b>	<b>Universidades</b>
Banca e finanzas	Máster en banca e finanzas	Universidade da Coruña
Xestión do desenvolvemento sustentable	Máster en xestión do desenvolvemento sustentable	Universidade de Vigo
Comercio internacional	Máster en comercio internacional	Universidade de Vigo
Dirección e planificación do turismo	Doutor	Universidade da Coruña Universidade de Santiago de Compostela Universidade de Vigo (universidade coordinadora: en diante C)
Políticas comunitarias e cooperación territorial	Máster en políticas comunitarias e cooperación territorial	Universidade de Vigo (C) Universidade do Minho
Socioloxía aplicada	Máster en migracións internacionais: investigación, políticas migratorias e mediación intercultural	Universidade da Coruña
Creación, dirección e innovación na empresa	Máster en creación, dirección e innovación na	Universidade de Vigo



	empresa	
Dirección de empresa familiar	Máster en dirección de empresa familiar	Universidade de Vigo (C) Universidade de Santiago de Compostela Universidade da Coruña
Edición	Máster en edición	Universidade de Santiago de Compostela Universidade de Vigo (C)
Política lingüística e planificación da lingua galega	Máster en política lingüística e planificación da lingua galega	Universidade de Vigo Universidade de Santiago de Compostela (C) Universidade da Coruña
Teoría da literatura e literatura comparada	Máster en estudos teóricos e comparados da literatura e da cultura	Universidade de Santiago de Compostela
	Máster Mundus crossways in european humanities	Universit� de Perpignan Via Domitia (C) Universidade de Santiago de Compostela Outras internacionais sumando un total de 13 universidades
	Doutor	Universidade de Santiago de Compostela
Intervención multidisciplinar na diversidade de contextos educativos	Máster en intervención multidisciplinar na diversidade de contextos educativos	Universidade de Vigo
Psicoxerontoloxía	Máster en psicoxerontoloxía	Universitat de Barcelona (C) Universidad de Almería Universidad de Santiago de Compostela Universidad de Salamanca Universitat de València
	Doutor	



Lóxica e filosofía da ciencia	Máster en lóxica e filosofía da ciencia	Universidade da Coruña Universitat Autònoma de Barcelona Universidad Autónoma de Madrid Universidad Complutense Universidad de Granada Universidad de La Laguna Universidad de Málaga Universidad de Salamanca (C) Universidade de Santiago de Compostela Universidad de Sevilla Universitat de València Universidad de Valladolid
	Doutor	
Dirección integrada de proxectos	Máster en dirección integrada de proxectos	Universidade da Coruña (C) Universidade de Vigo
Dirección de proxectos	Máster en dirección de proxectos	Universidade de Santiago
Tecnoloxías e procesos na industria do automóbil	Máster en tecnoloxías e procesos na industria do automóbil	Universidade de Vigo
Comunicacións multimedia	Máster en aplicacións de procesado de sinal en comunicacións	Universidade de Vigo
	Doutor	
Consultoría de software libre	Máster universitario en consultoría de software	Universidade de Vigo



	libre	
Enxeñaría da construción	Máster en enxeñaría da construción; cambio de denominación, pasaría a denominarse: Máster en enxeñaría das construcións industriais	Universidade de Vigo
Enxeñeiro de soldadura	Máster en enxeñeiro de soldadura	Universidade de Vigo
Urbanismo: plans e proxectos. Do territorio á cidade	Máster en urbanismo: plans e proxectos. Do territorio á cidade	Universidade da Coruña
Acuicultura	Máster en acuicultura	Universidade da Coruña Universidade de Santiago de Compostela (C)
	Doutor	Universidade de Vigo
Optometría avanzada	Máster en pptometría avanzada	Universidade de Santiago de Compostela (C) Universidade do Minho
Química teórica e modelización computacional	Máster en química teórica e modelización computacional	Universidad Autónoma de Madrid (C) Universidade de Santiago de Compostela Universidade de Vigo Universidad de Extremadura Universidad de Murcia Universitat de les Illes Balears Universitat de València Outras internacionais



		sumando un total de 35 universidades
Ciencia e tecnoloxía química	Máster en química avanzada	Universidade de Santiago de Compostela (C) Universidade de Vigo
Atención sanitaria, xestión e coidados	Máster en atención sanitaria, xestión e coidados	Universidade de Santiago de Compostela
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	Máster en nutrición	Universidade de Vigo



## **A COMUNIDADE GALEGA OFERTARÁ ESTE ANO UN TOTAL DE 2.008 PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE**

- *A Consellería de Educación ofertará prazas pertencentes a 59 especialidades*
- *Como novidade este ano, convocaranse 396 prazas na especialidade de educación primaria, dentro do corpo de mestres*
- *Trátase da oferta pública de emprego máis importante da historia da autonomía, despois da de 2007 que ascendeu a 3.125*
- *En tres anos, a Consellería de Educación convocou un total de 5.819 prazas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na Comunidade Autónoma de Galicia para o 2008, que este ano ascende a 2.008 prazas pertencentes a 59 especialidades. Por corpos, 928 prazas serán para o de mestres, 932 para o de profesores de ensino secundario, 82 para o de profesores técnicos de formación profesional, 31 para o de profesores de escolas oficiais de idiomas, e 35 para o de profesores de música e artes escénicas.

Así, do total de prazas ofertadas para ingreso reservarase unha cota do 7% do conxunto delas para seren cubertas por persoas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. Neste sentido, estableceranse nas probas selectivas para as persoas con discapacidade que o soliciten as adaptacións de tempo e medios para a súa realización.

Ademais, do total de prazas convocadas para o corpo de profesores de ensino secundario reservarase unha cota do 10% para promoción interna. A Consellería de Educación poderá tamén convocar o procedemento para que os funcionarios docentes de carreira que dependan directamente dela poidan acadar unha nova especialidade dentro do corpo ao que pertencen.

Unha das principais novidades da OPE para 2008 é a convocatoria de preto de 400 prazas (396 prazas) na especialidade de educación primaria, dentro do corpo de mestres. Esta especialidade creouse en virtude do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro.

A oferta pública de emprego da Consellería de Educación para este ano é a segunda en cifras máis importante na historia da autonomía, despois da do ano pasado, que ascendeu a 3.125 prazas. Ademais, en 2006, a oferta pública de emprego foi de 386 prazas, polo que en tres anos a Consellería de Educación convoca un total de 5.819 prazas, unhas cifras que demostran a aposta do Goberno galego de cara a ofrecer un



servizo educativo público de calidade e en igualdade de oportunidades para todo o alumnado.

Esta oferta de emprego en tres anos está baseada na reposición de efectivos, no incremento de cota e na redución da precariedade no emprego docente. Neste sentido, en 2008 convocaranse un total de 125 novas prazas (75 para secundaria e 50 para primaria), que se suman ás 406 novas do ano pasado e ás 125 convocadas en 2006, o que supón unha inxección de 656 novas prazas de docentes, en tres anos, ao sistema educativo galego.

A OPE da Consellería de Educación para 2008 presta especial atención ao alumnado con necesidades educativas específicas e convoca 99 prazas para a especialidade de pedagogía terapéutica e 64 para a de audición e linguaxe. Ademais, a oferta pública de emprego para este ano avanza no ensino de linguas estranxeiras e potencia a especialidade de educación infantil (184 prazas) e a de educación primaria (396 prazas).

Ao mesmo tempo, a OPE de Educación para 2008 redunda na adquisición das competencias básicas, tal e como marca Europa e a propia LOE, coa convocatoria de prazas en secundaria das especialidades de lingua castelá e literatura e lingua galega e literatura, que suman un total de 161 prazas, e de 85 prazas na especialidade de matemáticas.



**OFERTA DE EMPREGO DO ANO 2008**

**CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO**

<b>Especialidade</b>	<b>B-A</b>	<b>Discapacitados</b>	<b>Libre</b>	<b>TOTAL</b>
001.- Filosofía	2	3	23	28
002.- Grego	1	1	7	9
003.- Latín	1	1	12	14
004.- Lingua castelá e literatura	8	7	75	90
005.- Xeografía e historia	9	6	75	90
006.- Matemáticas	8	6	71	85
007.- Física e química	3	2	30	35
008.- Bioloxía e xeoloxía	4	3	37	44
009.- Debuxo	3	3	30	36
010.- Francés	7	5	64	76
011.- Inglés	7	6	65	78
016.- Música	3	3	40	46
017.- Educación física	3	3	31	37
018.- Psicoloxía e pedagogía	2	1	7	10
019.- Tecnoloxía	5	4	45	54
053.- Lingua galega e literatura	7	5	59	71
061.- Economía	7	2	15	24
102.- Análise e química industrial	1	--	3	4
103.- Asesoría e procesos de imaxe persoal	---	1	5	6
105.- Formación e orientación laboral	7	2	16	25
107.- Informática	4	1	11	16
108.- Intervención sociocomunitaria	---	1	6	7
111.- Organización e procesos de mantemento de vehículos	-----	----	4	4
112.- Organización e proxectos de fabricación mecánica	----	1	11	12





115.- Procesos de produción agraria	---	---	4	4
119.- Procesos e medios de comunicación	---	1	4	5
124.- Sistemas electrónicos	1	1	8	10
125.- Sistemas electrotécnicos e automáticos	1	1	10	12
<b>TOTAL PES</b>	<b>94</b>	<b>70</b>	<b>768</b>	<b>932</b>

**CORPO PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

Especialidade	Reserva discapacitados	Libre	Total
201.- Cociña e pastelería	1	4	5
202.- Equipos electrónicos	1	6	7
206.- Instalacións electrotécnicas	1	9	10
208.- Laboratorio		3	3
209.- Mantemento de vehículos	1	9	10
210.- Máquinas, servizos e produción		3	3
211.- Mecanizado e mantemento de máquinas	1	5	6
216.- Operacións de produción agraria	1	5	6
225.- Servizos á comunidade		7	7
227.- Sistemas e aplicacións informáticas	1	10	11
228.- Soldadura		7	7
229.- Técnicas e procedementos de imaxe e son	1	6	7
<b>TOTAL PTFP</b>	<b>8</b>	<b>74</b>	<b>82</b>



### CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

Especialidade	Reserva discapacitados	Libres	Total
006.- Español para estranxeiros		2	2
009.- Galego		3	3
011.- Inglés	1	14	15
012.- Italiano	1	6	7
015.- Portugués	---	4	4
<b>TOTAL PEOI</b>	<b>2</b>	<b>29</b>	<b>31</b>

### CORPO DE PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS

Especialidade	Reserva discapacitados	Libres	Total
404.- Clarinete		3	3
410.- Frauta travesa		5	5
422.- Percusión		6	6
423.- Piano	1	6	7
428.- Trompeta		3	3
433.-Violín		5	5
460.- Linguaxe musical	1	5	6
<b>TOTAL PROFESORES MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS</b>	<b>2</b>	<b>33</b>	<b>35</b>

### CORPO DE MESTRES

Especialidade	Reserva discapacitados	Libres	Total
031.- Educación Infantil	12	172	184
032.- Idioma estranxeiro: inglés	8	97	105
034.- Educación ffsica	3	36	39
035.- Música	3	38	41
036.- Pedagogía terapéutica	7	92	99



037.- Audición e linguaxe	4	60	64
038.- Educación primaria	28	368	396
<b>TOTAL MESTRES</b>	<b>65</b>	<b>863</b>	<b>928</b>



## A CONSELLERÍA DE CULTURA RECUPERA A COMISIÓN TÉCNICA DE ETNOGRAFÍA

- *Foi creada en 1992, pero desde 1995 estaba pendente da regulación da súa composición e funcionamento*
- *Terá como finalidade prestar asistencia e asesoramento en tarefas de protección, defensa e investigación do patrimonio etnográfico*

A Consellería de Cultura recuperará a Comisión Técnica de Etnografía, un órgano asesor con funcións de asistencia e asesoramento nas tarefas de protección, defensa e investigación do patrimonio etnográfico. Creouse en 1992, pero un cambio legislativo do ano 95 obrigaba a unha modificación do seu regulamento que agora se fará efectiva.

O Consello da Xunta aprobou a modificación na composición e funcionamento da comisión que fai posible que se volva reunir para asumir de novo a súa función de órgano asesor nos eidos da documentación, investigación, conservación, protección e difusión do patrimonio etnográfico e antropológico de Galicia.

A comisión estará formada polo director xeral de Patrimonio como presidente, o subdirector xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais como vicepresidente, e nove vogais: a subdirectora xeral de Protección do Patrimonio, un representante da área de estudos etnográficos de cada unha das tres universidades galegas, un representante do Consello da Cultura Galega, un representante do Museo do Pobo Galego, un representante dun museo etnolóxico e dúas persoas de recoñecido prestixio no campo dos estudos etno-antropológicos.

A comisión reunirse un mínimo de tres veces ao ano, e cumprirá funcións como emitir informes, facerlle propostas á consellería e asesorar sobre os expedientes de declaración de bens de interese cultural do patrimonio etnográfico, tanto material como inmaterial.

### **Protexer o patrimonio etnográfico**

A protección do patrimonio etnográfico é un obxectivo preferente para a Dirección Xeral de Patrimonio, polo que a reactivación da Comisión Técnica de Etnografía resulta moi importante. Na mesma liña, o ano pasado convocáronse por primeira vez axudas á conservación e restauración de bens etnográficos como hórreos, celeiros, cruceiros, petos de ánimas, palleiras, alpendres, pallozas, muíños, fontes, lavadoiros, fornos, pombais, etcétera.

Así mesmo, púxose en marcha a campaña de concienciación social "Mira por el", coa que se busca facer fronte ás continuas agresións a que está exposto o patrimonio



cultural galego. Esta campaña vai parella a unha política de tolerancia cero impulsada pola Consellería de Cultura, da que resultou un aumento notable das sancións impostas e o incremento das investigacións para evitar que haxa agresións impunes.



## **A XUNTA DUPLICA AS AXUDAS AOS PROPIETARIOS QUE ALUGUEN A SÚA VIVENDA A TRAVÉS DO *PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER***

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo decreto que modifica o programa incorporando novas vantaxes para propietarios e inquilinos*
- *Incrementáanse ata 20.120 euros/ano os ingresos ponderados máximos permitidos por demandante de vivenda en aluguer a través do Programa*
- *O obxectivo da consellería é subvencionar unha media de 4.500 alugueres anuais e dispón de 9 millóns de euros nos orzamentos de 2008*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un novo decreto que modifica o *Programa de Vivenda en Aluguer*, incorporando novas vantaxes para propietarios e inquilinos.

No caso dos propietarios, a Consellería de Vivenda e Solo duplica as axudas aos propietarios que aluguen a súa vivenda a través do *Programa de Vivenda en Aluguer*. Nese sentido, a consellería concederá unha subvención de ata 12.000 euros a fondo perdido para a rehabilitación e execución de obras de mellora de vivendas cuxos propietarios desexen incorporalas ao *Programa*, o que supón un incremento do 100% con respecto á subvención concedida ata o de agora, que era de ata 6.000 euros.

O obxectivo é darlles novos incentivos aos propietarios e intentar reducir a diferenza entre a demanda e a oferta do *Programa de Vivenda en Aluguer*, xa que a día de hoxe hai máis solicitudes que vivendas ofertadas.

No que atinxe aos inquilinos, a modificación do *Programa de Vivenda en Aluguer* amplía o ámbito de posibles persoas beneficiarias da subvención ao arrendamento, ao incrementar o nivel máximo de ingresos que poden percibir os demandantes de vivenda en aluguer a través deste *Programa*. En concreto, os ingresos ponderados máximos pasan a ser de ata 3 veces o IPREM, de tal xeito que poderán ter acceso as persoas cuns ingresos de entre 4.695 euros/ano – 0,7 veces IPREM – e 20.121 euros/ano – 3 veces IPREM –, cando no anterior *Decreto 48/2006* os inquilinos non podían superar uns ingresos ponderados de 2,5 veces o IPREM –16.768 euros/ano–.

### **Aluguer máximo de 600 euros**

A contía máxima do aluguer subvencionable tamén é obxecto dun incremento, xa que ata o de agora estaba fixada en 450 euros en todos os concellos e pasa a ser de 600 euros nas grandes cidades e 500 euros no resto dos concellos. As subvencións concedidas pola consellería aos inquilinos mantéñense ata un máximo do 60%, en función dos ingresos ponderados dos beneficiarios.



Por último, a modificación do *Programa de Vivenda en Aluguer* aprobada hoxe polo Consello da Xunta establece que as vivendas se poden incorporar ao Programa coa condición de que non estean ocupadas no momento da solicitude de incorporación, suprimindo o requisito establecido no anterior *Decreto 48/2006* que obrigaba a que as vivendas levasen cando menos seis meses desocupadas. A consellería optou por esta modificación para facilitar a incorporación de novas vivendas.

### **Modificacións Programa de Vivenda en Aluguer**

	Renda inquilinos	Subvención rehabilitación propietarios	Prezo máximo aluguer vivenda	Requisitos vivendas
<b>Decreto 48/2006, do 23 de febreiro</b>	0,7 – 2,5 veces IPREM	6.000 euros	450 euros	Levar 6 meses desocupadas
<b>Novo decreto</b>	0,7 – 3 veces IPREM	12.000 euros	- 600 euros grandes cidades - 500 euros resto concellos	Non estar ocupadas no momento da incorporación ao Programa

#### **Vantaxes para propietarios e inquilinos**

Desde a súa entrada en vigor, en febreiro de 2006, o Programa de Vivenda en Aluguer ten financiado o aluguer de 3.400 persoas e unidades convivenciais. O obxectivo da Consellería de Vivenda e Solo é subvencionar unha media de 4.500 alugueres anuais, dinamizando o mercado de aluguer e mobilizando a vivenda baleira con garantías para os propietarios, poñendo as vivendas á disposición das rendas con máis dificultades a través de alugueres subvencionados. Nos orzamentos de 2008 a Consellería de Vivenda e Solo destina unha partida de 9 millóns de euros ao *Programa de Vivenda en Aluguer*.

A través do *Programa de Vivenda en Aluguer*, a consellería encárgase de adxudicar as vivendas acomodando ao máximo as características delas, tanto en superficie como en prezo, coas necesidades e os ingresos do inquilino, da familia ou da unidade convivencial que solicite unha vivenda a través do *Programa*. Ademais, os inquilinos acceden a unha vivenda a un prezo moi inferior ao do mercado, e non necesitan negociar co propietario para efectuar reparacións ou melloras de servizos, xa que a vivenda que recibe ten as condicións de habitabilidade garantidas, porque de non ser así non é aceptada no *Programa*.

Pola súa banda, os propietarios que inclúan a súa vivenda no *Programa de Vivenda en Aluguer* teñen garantido o cobramento da renda do aluguer durante cinco anos tras asinar o primeiro contrato, incluso se o inquilino deixa a vivenda. Ademais, xunto coa subvención a fondo perdido de ata 12.000 euros para obras de rehabilitación, os



propietarios son beneficiarios dun seguro multirrisco do fogar, e reciben asistencia e defensa xurídica gratuíta.





## A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ CASE 35 MILLÓNS DE EUROS PARA O PLAN CONCERTADO DE PRESTACIÓNS BÁSICAS DE SERVIZOS SOCIAIS NOS CONCELLOS

- *O Consello autorizou hoxe o establecemento dun anticipo ata o 50% para as subvencións no momento da concesión*
- *Este investimento supera en 12 millóns de euros ao previsto en 2007*

O Goberno galego autorizou, na súa xuntanza de hoxe, o establecemento dun anticipo ata o 50% da subvención no momento da concesión na orde pola que se regulan as bases que rexerán as axudas económicas destinadas ás corporacións locais para o financiamento de programas sociais de atención primaria incluídos no Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais, así como tamén dun primeiro nivel de atención a sectores de poboación con problemáticas diferenciadas, de proxectos destinados a garantir a accesibilidade, de servizos de atención ás persoas en situación de dependencia e de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

Esta futura orde de axudas económicas –que aínda ten que saír publicada no *Diario Oficial de Galicia*– conta cun investimento inicial para este ano de 34.414.748 euros, que se verán ampliados posteriormente con cargo aos fondos para a implantación do Sistema da Autonomía e Atención á Dependencia. Trátase dunha cifra inicial superior en case 12 millóns de euros ao investimento inicial de 2007, que fora de 22.428.862 euros.

### **Tipos de subvencións**

Mediante a orde de axudas do Plan Concertado, os concellos poderán percibir achegas económicas para os servizos sociais de atención primaria que desenvolvan programas e presten axudas favorecedoras da participación, integración e benestar social das persoas ou grupos, dentro do seu contorno máis próximo. Os servizos sociais comunitarios prestaranse nos centros de servizos sociais, centros de acollida, albergues e outros equipamentos de apoio ao traballo social de atención primaria. Dentro das actividades que se desenvolvan nos centros de servizos sociais, serán obxecto de financiamento os seguintes programas básicos de actuación: de información, orientación e asesoramento; de axuda no fogar e apoio á unidade de convivencia; de prevención e inserción social; de aloxamento alternativo; de fomento da cooperación social, e todos aqueles que se poidan levar a cabo desde o primeiro nivel de atención.

Financiarase tamén, nun primeiro nivel, a atención a sectores de poboación con problemáticas diferenciadas, como a área de persoas maiores, o ámbito de persoas con discapacidade, a área de prevención da exclusión social, etc.



Así mesmo, prevese nesta orde a incorporación e adaptación dos servizos sociais de atención primaria municipais para a súa participación na xestión de prestacións ás persoas en situación de dependencia no ámbito das súas competencias en coherencia coa progresiva implantación e desenvolvemento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en Galicia. Neste sentido, financiarase especificamente o servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada, ademais do financiamento para o programa básico de actuación ou prestación básica de axuda no fogar.

A orde integra tamén a liña de apoio aos concellos para a execución de programas de desenvolvemento dirixidos á poboación xitana, que se financiarán de forma autónoma respecto das actuacións anteriores.

### **Solicitudes**

Desde a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta preténdese que esta orde se converta na canle principal de financiamento para as entidades locais, tentando que os municipios soliciten a través dela todos os servizos e programas que queiran acadar en canto a servizos sociais de atención primaria.

As solicitudes de subvencións formularanse nos modelos oficiais que se publicarán como anexos na orde, unha vez que saia publicada no DOG. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Para valorar as solicitudes de subvencións para o financiamento de servizos sociais de atención primaria, tratarase de garantir o obxectivo prioritario de financiamento da renovación das subvencións outorgadas ás corporacións locais durante o exercicio de 2007 para os conceptos de "persoal" e "axuda ao fogar" dos servizos sociais de atención primaria. Dentro da orde que sairá publicada no DOG tamén se recollen os criterios e baremos para a valoración das solicitudes de subvencións para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

## **A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR COLABORAN NUN PROGRAMA DE ATENCIÓN A MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio, ao que este departamento destina 208.448 euros*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) para o desenvolvemento dun programa de asistencia inmediata aos menores que son vítimas de violencia física ou psíquica no ámbito familiar. Este proxecto, ao cal a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina un total de 208.448 euros, intégrase na rede de dispositivos que a Dirección Xeral de Acción Social da Secretaría Xeral do Benestar destina á prevención, detección e intervención no ámbito dos malos tratos á infancia.

O programa dirixe o seu labor a aquelas familias no seo das cales se produce violencia e que residen nas zonas periféricas das grandes cidades de máis de 100.000 habitantes, en poboacións entre 25.000 e 100.000 habitantes ou en zonas rurais. Para o seu desenvolvemento, o IGAXES contará con tres equipos formados por un psicólogo e un traballador social, que traballarán en rede baixo a supervisión dun coordinador.

O obxectivo deste proxecto é a asistencia urxente aos menores vítimas de malos tratos no ámbito familiar por especialistas na intervención e tratamento neste ámbito. Tamén se poderán beneficiar todas as familias galegas que o necesiten e que accedan á rede da Dirección Xeral de Acción Social a través dalgún dos seus dispositivos relacionados coa infancia (sanidade, pediatría, educación, xulgados, etc.) Así mesmo, poderán ser tratados a través deste recurso aqueles casos que os outros dispositivos da rede (gabinetes de orientación familiar, programa de integración familiar, centros de acollida, teléfono do menor, etc.) consideren susceptibles de ser tratados por este servizo.

O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector é unha entidade que ten como finalidade a atención a familias nas cales se teñan detectado problemas de violencia contra os menores, aos que lles procura a súa competencia profesional, formación cultural e inserción social.



## **A XUNTA INVISTE 2,6 MILLÓNS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA REDE COORDINADA DE EQUIPOS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL**

- *O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que inclúe, ademais, actividades de formación, sensibilización social e acompañamento*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento dunha rede coordinada de equipos de inclusión sociolaboral e outras accións complementarias de formación, sensibilización social e acompañamento para a inserción de persoas e colectivos vulnerables, así como a sensibilización social no eido da inclusión social. O departamento autonómico investirá un total de 2.686.000 euros nesta iniciativa, financiados nun 80% polo Fondo Social Europeo.

Esta colaboración entre Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio enmárcase dentro do II Plan Galego de Inclusión Social e pretende asegurar a cobertura territorial das accións deste plan en todo o territorio de Galicia. Deste xeito e a través desta actuación, complétase e mellórase a rede de equipos de inclusión social posta en marcha polo Goberno galego, composta por 11 equipos comarcais e 7 equipos nas sete grandes cidades galegas, equipos que traballan de maneira efectiva e coordinada baixo unha supervisión única.

### **Contido**

O convenio autorizado hoxe recolle diferentes actuacións, que van desde o mantemento dos equipos de inclusión sociolaboral -tanto os comarcais como o coordinador central-, as actuacións de formación, mellora da empregabilidade e acompañamento social e as accións de sensibilización social sobre a problemática de exclusión e de especialización profesional do persoal implicado no desenvolvemento do Plan de Inclusión Social.

No mantemento dos equipos de inclusión sociolaboral inclúese o mantemento dos equipos comarcais, asegurando o incremento e a redistribución de efectivos para todo o territorio que mellore a cobertura da rede posta en marcha no ano 2007. Para tal fin, redeseñárase e ampliárase esta rede de maneira que se optimicen os efectivos, acadando un mínimo de 17 equipos comarcais no total de Galicia. Ademais destes 17 equipos, váise pór en marcha, cando menos, un equipo específico no apoio á reinserción social de reclusos e ex-reclusos, en canto se trata dun colectivo identificado como prioritario no II Plan Galego de Inclusión Social.



A través desta colaboración entre Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio tamén se contribuirá ao mantemento do equipo coordinador central e ao mantemento e mellora do persoal informático para a xestión da base de datos vinculada ás actuacións desenvolvidas por todos os equipos.

Outra das liñas de traballo que se fixa no marco deste convenio son as actuacións necesarias de formación, mellora de empregabilidade e acompañamento social, que posibiliten e reforcen os itinerarios personalizados de inclusión. O terceiro eixe de traballo serán as actuacións de sensibilización social sobre a problemática de exclusión e de especialización profesional do persoal implicado no desenvolvemento do II Plan de Inclusión Social.

### **Equipos**

A través do convenio que asinarán Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio incrementarase o número de equipos de inclusión no territorio ata acadar os 17 equipos de inclusión sociolaboral nas diferentes demarcacións territoriais, que darán cobertura a todos os concellos das catro provincias. Estes equipos súmanse aos das sete grandes cidades galegas.

As 17 demarcacións que quedan fixadas son as seguintes: Consorcio das Mariñas, A Coruña 1 (As Pontes), A Coruña 2 (Carballo), A Coruña 3 (Arzúa), A Coruña 4 (Barbanza - Muros), Lugo 1 (Mondoñedo), Lugo 2 (Monforte), Lugo 3 (Becerreá), Lugo 4 (Rábade), Ourense 1 (O Carballiño), Ourense 2 (Xinzo), Ourense 3 (O Barco), Pontevedra 1 (Val Miñor-Baixo Miño), Pontevedra 2 (área metropolitana de Vigo), Pontevedra 3 (Arousa), Pontevedra 4 (Pontevedra-O Morrazo) e Pontevedra 5 (Deza-Terra de Montes).

Os equipos de inclusión sociolaboral teñen como obxectivo principal promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, entendendo estes itinerarios como procesos persoais dos participantes desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.



## **A FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO COLABORARÁN NA ATENCIÓN A EMIGRANTES E NA INTEGRACIÓN DE SANTIAGUESES RETORNADOS E INMIGRANTES**

- *O Consello da Xunta autoriza un convenio con vixencia de tres anos, e en función do cal a Concello compostelán achega 30.000 cada exercicio*

A Fundación Galicia Emigración e o Concello de Santiago de Compostela colaborarán nas actividades programadas pola primeira ata o ano 2009, ratificando un convenio autorizado polo Consello da Xunta que abrangue o período 2007-2009, e co cal se busca favorecer a situación dos santiagueses e os seus descendentes que residen no exterior, así como a integración dos emigrantes retornados e dos inmigrantes que se regresan ou chegan por primeira vez a Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago, en calidade de Patrón da Fundación Galicia Emigración, achégalle, segundo o convenio, 30.000 euros anuais á fundación. Esta comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto establecido nos estatutos da fundación e no seu orzamento anual. O Concello de Santiago poderá comprobar, cando o xulgue pertinente, a aplicación concreta dos fondos percibidos a través dos mecanismos de control que considere oportunos e poderá requirir a presentación de auditoría externa que poña de manifesto a aplicación dos fondos percibidos e/ou a situación económico-financiera da fundación.



## O IGAPE DESTINA 1,16 MILLÓNS DE EUROS A APOIAR O DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DO SECTOR DA AUTOMOCIÓN EN GALICIA

- *O plan persegue situar este sector nunha posición de liderazgo europeo en materia de competitividade e contribuir ao progreso de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Fundación do Clúster de Automoción de Galicia (CEAGA) para o desenvolvemento do Plan Estratéxico do Sector da Automoción en Galicia 2007-2011 (PESA). O Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda achegará para este fin 1,16 millóns de euros, o que supón un 50% do orzamento previsto polo PESA para 2008, que ascende a 2,34 millóns de euros. Este convenio dá continuidade ao acordo inicial asinado en decembro de 2006 e que ten por obxecto a coordinación público-privada do PESA. Co horizonte 2007-2011, o plan persegue situar o sector da automoción de Galicia nunha posición de liderado europeo en materia de competitividade, e contribuír ao progreso e á calidade de vida de Galicia.

O PESA 2007-2011 fixa como obxectivos para o período o incremento dun 20% na facturación global do sector; do 15% na produtividade, e do 20% no valor engadido bruto. Ademais, procurará a extensión transversal das mellores prácticas. O plan foi elaborado polo sector de automoción de Galicia a través da Fundación Ceaga, creada co obxectivo de aglutinar nunha estrutura tipo clúster as empresas máis representativas do sector da automoción de Galicia. Na actualidade, forman parte desta agrupación altamente innovadora a empresa construtora PSA-Citroën, radicada en Vigo e as 76 empresas máis importantes do sector dos compoñentes da automoción de Galicia. A Fundación Ceaga aglutina así un conxunto empresarial líder en exportacións e en achega ao PIB galego.

A devandita Fundación desenvolverá, en coordinación co Igape, sete proxectos orientados a incrementar a coordinación estratéxica do sector; desenvolver un plan integral de formación e boas prácticas de xestión; impulsar a mellora da produtividade global do sector; coordinar novas plataformas loxísticas e outras infraestruturas de servizos; procurar a excelencia operativa mediante a coordinación da cadea de subministración; e mellorar aspectos referidos a coordinación comercial, de mercadotecnia, de imaxe e de comunicación do sector de automoción en Galicia.



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGA 240.000 EUROS PARA A CREACIÓN DE OFICINAS DE SOFTWARE LIBRE NAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS**

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as tres universidades galegas mediante o cal se financiará a posta en marcha e o mantemento de oficinas de software libre nos tres órganos educativos. Ademais, establecerase o marco de coordinación co Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galicia. A cantidade que a consellería dispón para tal fin é de 240.000 euros.

Por este convenio realizaranse as actuacións destinadas á creación e consolidación das oficinas de software libre nas tres universidades que respondan ás seguinte características: que contén cun coordinador a tempo completo responsable da coordinación con outras oficinas de software libre universitarias e o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galicia da consellería; contar cun coordinador e un equipo de apoio; a creación dun espazo web específico da oficina de software libre universitaria onde se recollan os seus obxectivos, estrutura, contacto e principais actividades; o compromiso de presentar nos dous primeiros meses de vixencia deste convenio un plan anual de actuación da oficina correspondente ao 2008 e 2009; e a proposición de novas iniciativas para o desenvolvemento do software libre no ámbito das súas institucións.

Así mesmo, tamén se fixará o marco de coordinación e colaboración co Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galicia mediante a creación dunha comisión de coordinación técnica das actividades desenvolvidas polas tres oficinas universitarias de software libre e o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galicia da consellería. As oficinas tamén terán que incorporar contidos á web de [mancomun.org](http://mancomun.org) e colaborar na difusión das actividades e información da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.





## **O GOBERNO GALEGO DECLARA A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DOS PROXECTOS DE ACONDICIONAMENTO DAS ESTRADAS LU-701 E LU-703 SOBRE AS COMUNIDADES DE MONTES DE MONTESEIRO E VILARCHAO**

O Consello da Xunta acordou hoxe, por proposta da Consellería do Medio Rural, declarar a prevalencia de utilidade pública dos proxectos de acondicionamento da estrada LU-701- A Fonsagrada, sobre a do monte veciñal en man común de Monteseiro, e da estrada LU-703–Barbeitos, sobre a comunidade de montes Vilarchao, ambas co límite provincial de Asturias, promovidos pola Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de Lugo.

En total, a superficie de afección é de 7,4488 ha, no treito que transcorre pola comunidade de montes de Monteseiro, e 0,93535 ha no correspondente á de Vilarchao.

A Dirección Xeral Montes e Industrias Forestais ratificou ambos os informes favorables sobre a prevalencia da utilidade do proxecto sobre as destes montes veciñais, emitidos pola Delegación Provincial do Medio Rural en Lugo tras concluír os correspondentes períodos de exposición pública sen que se presentasen alegacións.

A Lei de Estradas de Galicia determina que a aprobación de proxectos de estradas de titularidade autonómica implicará a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes. Ademais, a Lei de expropiación forzosa establece que a aprobación dos proxectos de estradas implicará a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.



## SANXENXO CONTARÁ CUN NOVO CENTRO DE SAÚDE EN VILALONGA

- *O Servizo Galego de Saúde investirá na construción desta nova infraestrutura case 667.000 euros*

O Consello da Xunta de Galicia acordou aceptar a cesión gratuíta dun predio de 4.285 metros cadrados propiedade do Concello de Sanxenxo no lugar do Rebel, na parroquia de Vilalonga, en que o Servizo Galego de Saúde acometerá a construción dun novo centro de saúde, cun orzamento estimado en 666.791,99 euros.

O novo centro de saúde de Vilalonga - Sanxenxo xa dispón de programa funcional, que recolle unha área asistencial cunha dotación de tres consultas de medicina xeral; tres para enfermaría, dúas consultas polivalentes, unha sala para toma de mostras e unha sala para esperas. As dependencias complétanse cun acceso cuberto e específico para ambulancias, vestíbulo e recepción cunha área de espera.

Así mesmo, o novo centro de saúde terá unha área de administración, que contará con biblioteca, sala de xuntas, sala de estar do persoal, vestiarios e unha zona específica para o arquivo das historias clínicas.

O programa funcional para o futuro centro de saúde de Vilalonga-Sanxenxo tamén prevé a dotación arquitectónica de tres almacéns, aseos e espazo específico para instalacións eléctricas e de voz e datos.



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE 225.176 EUROS NA INSTALACIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE COVELO**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 225.176 euros na instalación dun punto limpo no concello pontevedrés de Covelo. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a consellería e o concello para acometer o proxecto.

As obras teñen un prazo de execución de tres meses e serán financiadas na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente. O punto limpo instalarase nunha parcela xunto ao núcleo de Covelo, lindando co campo de fútbol da zona. As obras inclúen instalacións xerais, unha caseta de recepción e outra de almacén de residuos tóxicos e perigosos, axardinamento da zona, colectores e sinalización e peche do perímetro.

Con esta obra o concello de Covelo sumarase aos máis de cen concellos que actualmente contan con puntos limpos para a recolla de residuos, no marco do Programa de Rexeneración de Espazos Degradados cofinanciado pola Unión Europea, que inclúe un plan xeral de adecuación, selaxe e clausura de vertedoiros, co obxectivo de dotar os concellos das infraestruturas precisas para recolla selectiva de residuos.

As actuacións deste plan inclúen os programas de creación de puntos limpos, de instalación de contedores soterrados, de creación de vertedoiros de residuos de construción e demolición e clausura de vertedoiros de residuos sólidos urbanos e limpeza de puntos de vertedura incontrolado. No caso dos puntos limpos, o seu obxectivo é o de servir os cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva de determinados residuos que, polas súas características, non se poden depositar nos contedores habituais, como é o caso dos electrodomésticos, mobles, aceites, baterías, materiais voluminosos, etc., evitando así a súa acumulación en vertedoiros incontrolados.